


Corto




Alexias




Story board




alumno avisando a unha profesora




chaman os compañeiro (1-2)




veñen o 112 coa xerifin- insectanle a xelinga e
go
ciea deserta




Corte alterxiás




atragantase coa comida




a profesora fala co
alumno



Icio comendo na melendo



o alumno falando coa
profesora



icia falar cos seus
compañeiro sseramente

escena 1:

escena 4:

escena 2:

escena 5:

escena 3:

O aniversario

(A cámara en Foca a Noa falando e despois a Icía comendo Tranquilo)

Noa: Icía, unha nena que sufre de alerxia aos manís, pero ninguén o sabe, tan só ela, xa que ten vergoña de que se rían dela. Están todos na clase, é o aniversario de Altea e ela trouxo un biscoito de chocolate con manís. Todos están merendando como un día calquera.

(En Foca a cámara a Toda a clase)

Ainhoa- Que rica está a merenda!

Altea- Si, está moi boa

Judith- Merendade mentres eu vou falar con outra profesora.

Todo o mundo- Vale.

(En Foca a cámara a Noa e despois a Icía)

Noa: Icía está merendando tranquila, sen darse de conta do biscoito. De súpeto, atopábase bastante mareada, lle custaba respirar e começaba a tusir.

(En Foca a cámara a clase Preocupada)

Oliver- Icía!

Alicia- Estás ben Icía?

(En Focase a Icía)

(Icía sentase no chan preocupada e con falta de respiración, coas mans no pescozo.)

(En Focase a clase)

(Tod@s se asustan e levántanse da mesa. Icía non é capaz de falar.)

Altea- Hai que chamar a profesora!

Ainhoa: Vou ir correndo a chamala, xa veño.

(En Focase a Noa)

Noa: Oliver, Altea e Alicia, quedan con Icía, Ainhoa vai buscar á profesora mentres Daniela vai chamar ao 061 (En Focase a cámara nunha esquina da clase Daniela falando por teléfono)

Daniela: Ola, chámome Daniela, a miña compañeira ten unha alerxia, estamos no colexió Ponte de Xuvia.

(Voz en off)

Maria: Vale, está ben? Que reaccións ten?

(En Focase a Daniela P.)

Daniela: Ten falta de respiración, e está vermella.

Maria: Vale, gracias pola información.

Valeria: Viremos o antes posible, mantéñase en liña por favor.

(En Focase a Daniela)

Daniela: Vale, moitas grazas.

(En Focase a cámara a Ainhoa buscando a profesora)

Ainhoa: Profesora! Icía ten unha reacción alérgica! Os demais están na clase intentando axudala, imos á clase.

Judith: Oh, vale imos rápido.

(Chegan).

(Enfócase a clase)

Judith: Icía tranquila vou chamar a ambulancia. (Entra Daniela).

Daniela: Ola, xa chamei eu, estou en liña, veñen enseguida.

Judith: Vale, grazas Dani.

(Enfócase as médicas e a Icía)

Valeria: Xa chegamos!

María: (Mira a Icía) Imos tumbarte. (Icía túmbase coa axuda das médicas).

(Enfoca a Noa)

Noa: Vanlle poñer unha xeringa de adrenalina no muslo. (Lla poñen)

(Enfócase a Icía)

(Icía atópase mellor e senta no chan).

Icía: Moitas grazas.

(as médicas con Icía e Judith)

María: Non hai de que, cóidate rapaza.

Valeria: Tede coidado, rapaces.

Judith: Grazas (mirando a Valeria e a María) (María e Valeria vanse)

(Judith mira a Icía)

Judith: Por que non nolo contaches, Icía?

Icía: E que tiña vergoña de que riran de mi.

(Enfoca a Ainhoa)

Ainhoa (triste): Non nos vamos rir de ti.

(Enfoca Judith, Icía e Noa)

(Icía pon cara de tristeza).

Judith: A próxima vez o tes que decir, vale?

Icía: Si, síntoo.

Noa: Non teñas medo de contar que sofres dunha alerxia.

FIN